



Edita: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - ISSGA

Autor: Pablo García Fernández. Técnico do ISSGA
Arquitecto técnico. Técnico superior de Prevención de Riscos Laborais

ISSN 2254-9102

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA MONTAXE E DESMONTAXE DE ESCENARIOS



INTRODUCCIÓN E LEXISLACIÓN

Na montaxe e desmontaxe de escenarios para espectáculos intervén moita normativa diferente, aínda que non existe ningunha específica. Alén da normativa de prevención de riscos laborais, que trataremos deseguido, cómpre ter moi en conta a normativa relativa á pública concorrencia de espectadores, que non se vai desenvolver na presente folia.

O obxectivo é tentar elaborar unha folia de ruta para aplicar normativa doutros sectores á montaxe e desmontaxe de escenarios establecendo un paralelismo entre estes sectores.

Pódense aplicar algúns aspectos da normativa de obras de construción e da normativa de montaxe de estadas á montaxe e desmontaxe de escenarios.

Neste sector, a aplicación da normativa de coordinación de actividades empresariais pódese complicar debido ás diversas formas de contratación existentes, xa que nel están presentes intervinientes que non se encontran expresamente indicados na normativa específica de coordinación e as distintas relacións que se poden dar entre eles.

Desenvolveranse tres aspectos relevantes para a seguridade e saúde laboral na montaxe e desmontaxe de escenarios para espectáculos públicos:

- A coordinación de actividades empresariais
- A documentación relativa á montaxe e desmontaxe dun escenario
- Os riscos e medidas preventivas na montaxe e desmontaxe de escenarios

Así mesmo, hai que ter en conta a variedade de aplicación, xa que a montaxe e desmontaxe de escenarios pode implicar dende a colocación dun pequeno palco para unha orquestra ata a montaxe dun grande escenario para un grupo internacional... pasando pola automontaxe dun escenario móbil consistente en unir varios tráilers para unha orquestra na que unha artista acaba dando voltas a varios metros de altura nunha esfera metálica mentres canta.

Por último, pode influír moito o lugar onde se desenvolva o espectáculo, dende un descampado onde se monta todo o necesario dende cero ata a adaptación dun espazo non destinado habitualmente para este tipo de eventos, como pode ser un recinto feiral, pasando polo reacondicionamento dun auditorio, un teatro ou un pavillón polideportivo para un evento diferente aos habituais que se celebran alí.

COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES

Na organización dun evento interveñen diversas empresas e en moitos casos participa dunha ou doutra maneira algunha Administración pública; xa que logo, adoita haber concorrencia de varias empresas nun mesmo centro de traballo e daquela é preceptiva a coordinación de actividades empresariais.

En moitos casos, as relacións entre estas empresas non responden á dependencia de empresa principal e subcontrata, reflectida no R.D. 171/2004 de coordinación de actividades empresariais. Igualmente, nalgúns casos poden xurdir dúbidas sobre o concepto de empresa titular do centro de traballo, reflectido no real decreto.

O R.D. 171/2004, de coordinación de actividades empresariais, define os seguintes conceptos:

Centro de traballo: calquera área, edificada ou non, na que os traballadores deban permanecer ou á que deban acceder por razón do seu traballo.

Empesario titular do centro de traballo: a persoa que ten a capacidade de poñer á disposición e xestionar o centro de traballo.

Empesario principal: o empesario que contrata ou subcontrata con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquel e que se desenvolven no seu propio centro de traballo.

Malia todo, hai intervenientes nun espectáculo público que non responden ao indicado no real decreto, pero que cómpre ter en conta á hora de establecer unha coordinación de actividades empresariais:

Dono ou xestor da instalación: se o espectáculo se realiza nun descampado delimitado, pouco ou nada terá que proporcionar o dono do recinto. Porén, se o espectáculo se celebra nun recinto que se vai adaptar para esa ocasión, aínda que simplemente alugue ou ceda o espazo, o dono ou xestor debería participar na coordinación, facilitando polo menos información sobre saídas de socorro, instalacións (electricidade, contraincendios, saneamento...) existentes, capacidade portante de elementos, etc.

Se, ademais, este dono ou xestor do espazo fornece medios humanos ou materiais, propios ou alleos, para a montaxe ou a realización do evento, ten que participar de forma moito máis activa na coordinación de actividades

Promotor do evento: esta figura pode ser moi

variable, polo que as súas responsabilidades tamén o son. O promotor pode ser un concello ou unha comisión de festas, por exemplo, que contraten un produtor que se encargue de toda a actividade, polo que a súa intervención directa no evento sería escasa. Tamén se pode tratar dunha empresa pública ou privada que decida organizar un evento coa finalidade de gañar diñeiro ou de maneira altruísta; mesmo pode actuar de promotor un particular, unha asociación, etc. O promotor, que é o que dalgunha maneira decide organizar un evento, debe participar na coordinación de actividades empresariais.

Igual que no caso anterior, se proporciona medios humanos ou materiais, propios ou alleos, para a montaxe ou a realización do evento, ten que participar de forma moito máis activa na coordinación de actividades.

Produtor: a súa actividade é a xestión de eventos, polo tanto estaríamos no caso de propia actividade. Ademais, é quen ten capacidade de xestionar o centro de traballo, polo que, aínda que non sexa dono do recinto, debe considerarse que é o seu propio centro de traballo. Na maior parte dos casos poderíase asimilar á definición de empesario principal do R.D. 171/2004. Ademais, tamén pode ser titular do centro de traballo.



Pódense dar as tres figuras na mesma empresa ou persoa: por exemplo, que o dono dun recinto decida organizar un evento e o xestione. Da mesma forma que promotor e produtor poden coincidir na mesma figura.

A casuística pode ser moi variable; a modo de exemplo, descríbese a seguinte situación:

- Un concello propietario dun recinto feiral decide organizar un concerto e unha festa gastronómica, no mesmo recinto e na mesma data, para celebrar as festas de verán.
- O recinto está xestionado por unha empresa concesionaria, que non dispón de traballadores.
- O concello encárgalle a dúas produtoras diferentes a organización dos eventos.
- As produtoras subcontratan a montaxe do escenario, casetas e demais. Pola súa banda, as casetas son alugadas a empresas gastronómicas e dentro de cada caseta móntanse cocifias, mesas, etc.
- O concello, por outra banda, monta dentro dos eventos unha caseta con persoal propio para repartir información turística.

Con todo isto, deberíanse establecer varias coordinacións diferentes:

- Coordinación de cada evento en si: o concerto por unha banda e o gastronómico por outra.
- Coordinación entre os dous eventos, xa que un pode afectar o outro (a persoa ao cargo exercería pola súa vez de coordinador de coordinadores).
- Coordinación no gastronómico, entre os que xestionan cada caseta e o que o organiza.
- Coordinación entre as empresas que traballan dentro de cada caseta; neste caso como titular dese recinto actuaría o inquilino, xa que é quen ten capacidade de xestionalo.

Neste exemplo, o concello é promotor do evento e, ademais, actúa ao mesmo nivel que as subcontratas das produtoras, aínda que non dependa delas. Aínda que o concello sexa o dono do recinto, como o que o xestiona é unha concesionaria, realmente é esta a que actúa como xestora do recinto e a que debería informar as produtoras sobre as súas características. Cada unha das produtoras actuaría de empresario titular e principal de cada evento.

Algunhas veces, sobre todo no caso de administracións públicas, danse relacións peculiares nas que podemos pensar na existencia de dous titulares do mesmo centro de traballo ou en titularidade compartida durante o evento. A modo de exemplo:

- Concello que lle encarga un evento a un produtor para celebralo nun auditorio municipal; da venda de entradas e seguridade do recinto encárganse traballadores do concello e do resto o produtor. O concello sería promotor e titular, e o produtor sería titular e principal con respecto ás súas subcontratas.
- No mesmo caso anterior, se o auditorio é xestionado por unha empresa concesionaria e os traballadores son da concesionaria ou subcontratados por ela, o Concello sería unicamente promotor, a concesionaria e o produtor serían titulares, e cada un deles principais con respecto ás súas subcontratas.
- Unha asociación promove un evento, contrata un produtor para montalo e cede un descampado para celebralo, pero decide que a instalación eléctrica a monte unha empresa contratada directamente por eles: a asociación e a produtora serían titulares e principais con respecto ás súas subcontratas.
- Se nos tres casos anteriores os promotores lle cedesen o espazo ao produtor e este se encargase de todas as actividades, os promotores poderían ser donos do recinto, pero non titulares da actividade. O único titular sería o produtor.



Por todo o exposto, propónse que antes de calquera evento se organice unha reunión entre todas as empresas participantes. Nesta reunión debería aclararse o papel que exerce cada interviniente (titular, principal, etc.), a responsabilidade de cada unha das empresas e as súas funcións. Todo iso debe poñerse por escrito e comunicarse a todas as empresas participantes antes do inicio da montaxe. Esta reunión debería ser convocada polo promotor do evento.

No tocante á coordinación de actividades empresariais, quizais sexa interesante abordar dúas situacións diferenciadas: unha na fase de montaxe e desmontaxe do recinto e outra durante a fase de celebración do evento. Aínda cando parte das empresas intervinientes actúen nas dúas fases, pode haber empresas que interveñan só nunha das fases, e con riscos e medidas preventivas moi diferentes, polo que, sobre todo en grandes eventos, pode resultar clarificador que se separen as dúas fases.

Propónse tratar a fase de montaxe e desmontaxe do evento dunha forma semellante ás obras de construción —aínda que con matices—, e a fase de celebración tal e como se indica no R.D. 171/2004.

Como as casuísticas poden variar moito, propónse que sempre exista a figura de coordinador de actividades e que sexa a mesma persoa para as dúas fases. Ademais, no caso de que se realicen montaxes de altura superior a 6 metros, se eleven cargas pesadas ou exista dificultade para a coordinación das actividades preventivas como consecuencia do elevado número de empresas, esta persoa debería ter como mínimo formación preventiva de nivel superior. O coordinador debe ser contratado polo promotor do evento.

O coordinador debería participar na reunión de coordinación e actuar como o seu secretario. Sería o responsable de comunicarlles ás empresas intervinientes as súas responsabilidades e os medios de coordinación existentes.



FASE DE MONTAXE E DESMONTAXE

Nesta fase cómpre que o promotor do evento solicite a información acerca do recinto onde se vai celebrar o evento sobre o que ten capacidade de xestión. Con esa información, e coas previsións que teña sobre a celebración, debería redactar un informe similar ao estudo de seguridade onde se describan as bases do “documento de seguridade” do evento.

No caso de que o promotor do evento sexa unha entidade pública ou unha entidade sen medios para poder redactar este estudo de seguridade (asociación ou similar), a redacción pode serlle encargada ao coordinador. Mais en calquera caso, o promotor do evento debe ser o responsable da súa redacción.

O titular da actividade, baseándose no estudo e sabendo qué empresas vai contratar, os medios dos que dispón, tipo de escenario, decorados, etc., debe redactar un “documento de seguridade” para o evento que vai ter lugar, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo. No documento debe indicarse o proceso de montaxe, as súas fases e as súas posibles interferencias; así como, de se detectaren riscos graves, as medidas, tanto colectivas como individuais, para evitalos ou diminuílos. Da mesma forma, este documento pretende ser un medio de coordinación entre as empresas para que todas estean ao corrente do que se vai montar e os riscos existentes.

Nos casos comentados de dobre titularidade, habería que especificar na primeira reunión quen se encarga de redactalo, mentres que o outro titular debe comprometerse a cumprilo.

O coordinador debería aprobar o documento de seguridade antes de que comece a montaxe.

Ningún dos documentos ten a intención de ser unha avaliación de riscos, xa que logo, non debe incluírse esta coma tal. Trátase de identificar os riscos que se poden dar e as medidas preventivas para evitalos, non é unha gradación dos riscos, etc.

FASE DE CELEBRACIÓN

Se na fase de celebración interveñen tamén varias empresas (seguridade, iluminación, son, restauración, etc.), debería redactarse un documento de coordinación moi sinxelo no que figuren os responsables do evento, sistemas de alerta ou aviso, localización de medios de emerxencia e primeiros auxilios, etc.

O produtor do evento debería ter a responsabilidade de redactalo, o coordinador a de aprovalo e o promotor do evento velar por que se redacte e se aprobe.



DOCUMENTACIÓN DE PRL NA MONTAXE DE ESCENARIOS OU BANCADAS

O escenario, as bancadas para público ou elementos semellantes deben ter un tratamento máis concreto, xa que normalmente representan a montaxe e desmontaxe máis perigosa.

Podemos diferenciar tres tipos de escenarios ou bancadas que esixen unha documentación diferente:

ESCENARIOS REALIZADOS CON ELEMENTOS DE ESTADA TUBULAR

ESCENARIOS REALIZADOS CON OUTROS ELEMENTOS METÁLICOS TUBULARES OU DOUTROS MATERIAIS

ESCENARIOS MÓBILES



ESCENARIOS REALIZADOS CON ELEMENTOS DE ESTADA TUBULAR

Se o escenario, as bancadas, ou similar, están fabricadas con elementos de estada tubular, aplicarase directamente o establecido no R.D. 2177/2004 sobre equipos de traballo en materia de traballos en altura. Este real decreto establece que para as estadas tubulares hai que elaborar 3 documentos diferentes:

Cálculo de resistencia e estabilidade: este documento indícanos o peso que vai soportar a estada, a resistencia que ofrece ao vento, o peso transmitido ao terreo no que se apoia, etc.

Se o fabricante desta estada xa precalculou a montaxe que se vai realizar ou, dito doutra maneira, se a montaxe responde a unha configuración tipo do fabricante, aplicaremos directamente o establecido por este, tendo en conta as solicitudes ao terreo, o vento da zona, etc. Se a que se vai montar non responde a unha configuración tipo, cumprirá realizar un cálculo de resistencia e estabilidade da estada. Neste caso haberá que ter moi en conta as accións do vento no escenario e as de carga producidas polo público nas bancadas, así como cargas de elementos como altofalantes, equipo de iluminación, etc.

Plan de montaxe, uso e desmontaxe: este documento indica a secuencia da montaxe e desmontaxe, cada canto tempo se debe realizar unha revisión periódica, que elementos de protección colectiva se van empregar durante a montaxe e desmontaxe; en caso necesario, que puntos se poden empregar para suxeitar unha protección individual contra caídas de altura e como acceder a cada unha das alturas onde se efectúan traballos. Neste documento débense establecer tamén os accesos aos distintos postos de traballo onde deban situarse os traballadores durante a celebración do evento; por exemplo, os que controlan luces e son.

Este documento pode chegar a ser un documento tipo —complementado con planos e detalles do que se vai montar— se o que se monta responde a unha configuración tipo do fabricante e é el quen o proporciona.

Certificado: unha vez realizada a montaxe, tense que practicar unha inspección e emitir un certificado da montaxe que indique que a estada responde ao calculado ou configuración tipo e que está montada segundo o plan de montaxe. Esta revisión débese levar a cabo tamén de forma periódica.

Os tres documentos deben ser redactados por unha persoa cunha formación universitaria que a habilite para esa tarefa. Así mesmo, a montaxe debe ser dirixida por unha persoa tamén con formación universitaria e realizada por traballadores cunha formación adecuada e específica para as operacións previstas.



ESCENARIOS REALIZADOS CON OUTROS ELEMENTOS METÁLICOS TUBULARES OU DOUTROS MATERIAIS

Se o escenario, as bancadas ou similar, aínda que sexan unha ampliación dun existente, están fabricados de forma improvisada ou con elementos que non respondan a unha configuración dun fabricante, deben elaborarse os documentos indicados no punto anterior de forma específica para cada montaxe: cálculo, plan de montaxe, uso e desmontaxe e un certificado de montaxe... redactados por unha persoa cunha formación universitaria que a habilite para iso.



ESCENARIOS MÓBILES

Os escenarios móbiles, sobre tráiler de camión ou similar, deben vir acompañados dun manual de instrucións do fabricante no que se indique a secuencia de montaxe e desmontaxe, as revisións periódicas, qué elementos de protección colectiva se van empregar durante a montaxe e desmontaxe; en caso necesario que puntos se poden empregar para suxeitar unha protección individual contra caídas de altura e como acceder a cada unha das alturas onde se efectúan traballos.

Da mesma forma, debería terse en conta a resistencia que ofrecen ao vento, o peso transmitido ao terreo no que se apoian, etc., e emitir un certificado de que o escenario está montado de acordo co indicado polo seu fabricante, redactado por unha persoa cunha formación universitaria que a habilite para iso.



RISCOS E MEDIDAS PREVENTIVAS

Deseguido, indícanse algún dos riscos máis frecuentes que se dan na montaxe e desmontaxe de escenarios, así como diversas consideracións ao respecto:

CAÍDAS DE PERSOAS A DISTINTO NIVEL

Os accidentes por caída de altura son os que adoitan ter as consecuencias máis graves en moitos sectores de actividade. Na montaxe e desmontaxe de escenarios é probable que apareza este risco, tanto no bordo do propio escenario como, sobre todo, na montaxe e axuste de iluminación e son, así como na montaxe da cuberta do escenario, se dispón dela.

Deberíase ter moi presente o indicado no R.D. 2177/2004 sobre equipos de traballo en materia de traballos temporais de altura: “Deberá darse prioridade ás medidas de protección colectiva fronte ás medidas de protección individual e que a elección non poderá subordinarse a criterios económicos”.

Sublíñase así que, se é posible tecnicamente empregar un equipo de traballo máis seguro (estada, plataforma elevadora...), deberemos facelo, no canto de traballar protexidos cunha protección individual: arnés anticaídas.

Da mesma forma, o mencionado real decreto indica que: “A utilización dunha escada como posto de traballo en altura deberá limitarse ás circunstancias en que [...] a utilización doutros equipos de traballo máis seguros non estea xustificada polo baixo nivel de risco e polas características das localizacións que o empresario non poida modificar”.

Só se debería empregar unha escada como posto de traballo en altura se tecnicamente non é posible

empregar outro equipo de traballo, ou o se traballo supón moi pouco risco; e todo previa autorización do empresario.

Deberíanse prever os medios de acceso aos postos de traballo en altura tanto durante a fase de montaxe e desmontaxe do escenario como durante a fase de axuste de iluminación e son, dándolles prioridade a aqueles nos que a seguridade non dependa da vontade do traballador, que se suxeite ou non.



De non ser tecnicamente posible a realización dunha determinada tarefa máis que mediante o emprego de equipos de protección individual, teñen que estar claramente fixados os puntos e as liñas aos que os traballadores poden suxeitar os seus EPI. Deben establecerse por escrito os puntos ou liñas de ancoraxe válidos, os equipos de conexión (retráctiles, cabos de ancoraxe, mosquetóns...) e o tipo de arnés que se empregará. En caso de que durante o percorrido sexa preciso cambiar de ancoraxe estando en risco de caída, débese dispoñer dun cabo de ancoraxe dobre. Cómpre asegurarse de que só os traballadores autorizados e formados acceden desta forma e de que cofecen os equipos de protección individual que deben empregar e onde se poden suxeitar.

Se é necesaria a realización de traballos en altura que impliquen o uso de proteccións individuais, deberían estar previstos os medios de rescate dun posible accidentado: equipos de rescate e persoas que saiban realizalo.

Nas estruturas tubulares con pezas de andamio, por exemplo, pode ser máis seguro o emprego de plataformas de andamio para levar a cabo a montaxe e desmontaxe, mesmo se estas non forman parte da estrutura final, pero si que poden incrementar a comodidade e seguridade dos traballadores durante a montaxe e desmontaxe en lugar de ter que “escalar” con proteccións individuais pola estrutura tubular.

CONTACTO ELÉCTRICO

En primeiro lugar, hai que diferenciar entre estar exposto a un risco por contacto eléctrico a alta tensión ou a baixa tensión.

Se o escenario se vai montar nunha zona onde exista unha liña eléctrica aérea núa, haberá que ter

presente o establecido no R.D. 614/2001 acerca de disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico; sobre todo, o referente ás distancias de seguridade que se deben manter coas liñas.

O risco eléctrico máis común que podemos atopar é o de contacto eléctrico directo ou indirecto a baixa tensión. Aquí deberemos cumprir o establecido no REBT: Regulamento electrotécnico de baixa tensión, e en concreto en:


- ITC-BT-33: Instalacións con fins especiais. Instalacións provisionais e temporais de obras.
- ITC-BT-34: Instalacións con fins especiais. Feiras e casetas.

Hai que diferenciar se a instalación se realiza á intemperie ou nun interior. Entre outras medidas que deberán terse en conta, cómpre considerar as seguintes:

Protección contra contactos indirectos: calquera que sexa o esquema de distribución utilizado, debe asegurarse a protección mediante dispositivos diferenciais de 30 mA.

Protección contra contactos directos en exteriores:

- Os cables que se empreguen serán de tensión asignada mínima 450/750V, con cuberta de policloropreno ou semellante, segundo UNE 21.027 ou UNE 21.150, e aptos para servizos móbiles.
- As tomas de corrente e demais elementos da instalación que estean á intemperie deberán ter como mínimo un grao de protección IP45.
- Os cadros eléctricos da instalación que estean á intemperie deberán ter como mínimo un grao de protección IP55.



Por outra banda, e dende un punto de vista de prevención de riscos laborais, haberá que ter en conta tamén o establecido para locais de pública concorrencia: ten que existir unha iluminación de emerxencia que lles permita aos traballadores evacuar o recinto en condicións de seguridade en calquera momento da montaxe, do espectáculo en si e mais da desmontaxe.

CAÍDA DE OBXECTOS DESPRENDIDOS – GOLPES CONTRA OBXECTOS

Ao mover, elevar, trasladar, etc., pezas de distinto tamaño e volume, vigas, luces, altofalantes, etc. é posible que algún se poida desprender ou desprazar, atrapando ou golpeando a un traballador.

No caso de pezas de gran peso ou volume deberíase contar sempre con medios mecánicos para desprazalas; estes medios teñen que estar previstos na planificación da montaxe e desmontaxe. Nunca deben empregarse medios improvisados. En todos os elementos de máis de 25 kg de peso debería figurar indicado o seu peso, e nos que presenten un centro de gravidade desprazado deberíanse indicar os puntos idóneos de onde penduralos para manter o equilibrio.

É imperativo o emprego de cascos de seguridade de acordo coa norma UNE-EN 397 nas fases de montaxe e desmontaxe do escenario; son obrigatorios para todos os traballadores que se poidan atopar no radio de acción do desprazamento dunha carga pendurada. Ademais, nos casos en que se realice montaxe de elementos en altura é recomendable o emprego de cascos con tira para o queixo.

En moitos postos de traballo, durante a fase de montaxe e desmontaxe, tamén é necesario o emprego de luvas. Deberían describirse as súas características técnicas na planificación da montaxe e desmontaxe.

RUÍDO

Por razóns obvias, neste sector estase exposto a uns niveis acústicos prexudiciais para a saúde. Cómpre, polo tanto, procurar minimizar as consecuencias, tanto para os traballadores presentes na montaxe e desmontaxe do evento como para os que estean presentes durante o seu desenvolvemento. Sobre todo na fase de montaxe e desmontaxe poden participar empresas que non pertencen a este sector e que, por conseguinte, non teñan recollido este risco na súa avaliación e planificación preventiva. Máis incluso, estas empresas poden ter operarios que sexan sensibles a estes danos, aos que, normalmente, non se expoñen no seu traballo diario. Propóñense, xa que logo, as seguintes medidas:

- Establecer unha zonificación de partes nas que poida existir risco por altos niveis acústicos e o seu valor previsible.
- Realizar as probas de son en horarios nos que estea exposto un número mínimo de traballadores.
- Definir as características técnicas das proteccións auditivas que se deben empregar en cada zona.

Por outra banda, é moi recomendable que os traballadores do sector realicen recoñecementos médicos específicos de forma periódica, con especial atención aos oídos.

INCENDIOS

Algún dos elementos empregados na montaxe e desmontaxe poden ser inflamables. En función da posible carga de lume, deberán preverse os medios necesarios para unha primeira intervención, así como a súa localización nas distintas fases do proceso.

De nada vale ter medios se non existen persoas encargadas de utilizalos e cunha formación práctica na extinción de incendios, polo que debería designarse persoal encargado de realizar unha primeira intervención nun incendio.

GOLPE DE CALOR

Unha gran parte das montaxes e desmontaxes de escenarios lévase a cabo no verán; ademais, moitas teñen prazos fixados moi estritos para desmontar nun lugar e ao día seguinte empezar a montar noutro punto xeográfico.

É recomendable ter en conta as predicións meteorolóxicas para verificar que as condicións de temperatura e humidade non chegan a un extremo que poida afectar á saúde dos traballadores. En caso necesario, débese establecer a prohibición de traballar a certas horas do día, así como quendas de descanso en zonas en sombra. Así mesmo, hai que lles facilitar sempre aos traballadores auga potable en cantidade suficiente.

OUTROS RISCOS

Nalgúns eventos pódense presentar riscos moi específicos debido ao emprego de fume, pirotecnia, armas, animais, etc. De estaren presentes algún deles, deben anticiparse medidas preventivas adecuadas.

LEMBRA

- Realizar antes de calquera evento unha reunión entre todas as empresas intervenientes. Nesta reunión debería aclararse a responsabilidade de cada unha das empresas intervenientes e as súas funcións.
- Contratar un coordinador de actividades empresariais e acreditar a coordinación mediante un documento concreto para cada evento e, se é necesario, para as súas distintas fases.
- Realizar cálculos de estabilidade e resistencia dos escenarios e demais elementos que se monten, se non responden a unha configuración tipo dun fabricante.
- Realizar un plan de montaxe, uso e desmontaxe dos escenarios e similares onde, entre outras cousas, se indiquen os accesos aos distintos postos de traballo.
- Certificar a montaxe de escenarios e similares, unha vez concluída a súa montaxe.

BIBLIOGRAFÍA

- NTP 918: Coordinación de actividades empresariais (I).
- NTP 919: Coordinación de actividades empresariais (II).
- NTP 1052: Coordinación de actividades empresariais: criterios de eficiencia (I).
- NTP 1053: Coordinación de actividades empresariais: criterios de eficiencia (II).
- Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos equipos de traballo.
- Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos ás obras de construción.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por parte dos traballadores dos equipos de traballo.
- Real decreto 2177/2004, do 12 de novembro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, en materia de traballos temporais en altura.
- Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.
- Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Nota: Agradecemento á Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) pola colaboración prestada na redacción deste documento.

